

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 11

SESION CONSTITUTIVA DA EXCMA. CORPORACIÓN MUNICIPAL

No salón de sesións da Casa do Concello da cidade de Vigo, sendo as doce horas do día dezaseis de xuño do ano dous mil sete, previa convocatoria ó efecto realizada pola Sra. Alcaldesa saínte, D^a Corina Porro Martínez, reúnen-se os concelleiros proclamados electos pola Xunta Electoral de Zona ós efectos de realizar a sesión constitutiva da nova Corporación Municipal resultante das eleccións municipais feitas o pasado día 27 de maio.

Comeza ó acto actuando de secretario o Secretario Xeral do Pleno, D. José Riesgo Boluda.

SR. SECRETARIO XERAL DO PLENO: Bos días. No día de hoxe se constitúe a Corporación Municipal do Concello de Vigo resultante das eleccións do 27 de maio. Antes de constituír a Corporación e de que esta elixa ó Alcalde da cidade, é preciso o cumprimento de diversos trámites legais e regulamentarios.

En primeiro lugar fórmase unha Mesa de Idade integrada polos concelleiros electos de maior e menor idade dos asistentes, que estará asistida polo secretario xeral do Pleno. A continuación a Mesa cotexará as credenciais presentadas polos concelleiros electos coa acta de proclamación remitida ó Concello pola Xunta Electoral de Zona. Efectuado este trámite e comprobada a existencia de quorum suficiente para realizar a sesión, os concelleiros e concelleiras, un a un, en cumprimento do previsto no artigo 108 da Lei orgánica de réxime electoral xeral, xurarán ou prometerán o seu cargo ante a Constitución de acordo coa fórmula legalmente establecida. Constituída a Corporación determinarase o sistema de votación para a elección do alcalde que poderá ser ben ordinaria, ben nominal ou ben segreda.

Así mesmo proclamaranse pola Mesa os candidatos á Alcaldía e as distintas formacións políticas disporán, se así o estiman conveniente, dunha quenda de palabra para expoñer o seu programa político. escoitados os programas de goberno elixirase ó alcalde da cidade polos concelleiros e o alcalde electo xurará ou prometerá o seu cargo de acordo tamén coa fórmula legalmente establecida.

Pois ben, conforme con esta síntese da orde do día, procede en primeiro lugar constituír a Mesa de Idade e para iso invito a incorporarse a este estrado ós concelleiros electos don Antonio Martiño Gómez e don Abel Caballero Álvarez. Ostentará a Presidencia da Mesa don Abel Caballero Álvarez por seren o concelleiro electo de maior idade.

SR. PRESIDENTE DA MESA DE IDADE: Bos días. Declárase aberta a sesión para a constitución da Corporación de Vigo. No expediente da sesión constan as credenciais dos concelleiros e concelleiras electos e electas que se corresponden coas certificacións remitidas ó Concello pola Xunta Electoral de Zona. Así mesmo os concelleiros acreditaron a súa personalidade perante o secretario do Pleno no momento da entrega da súa credencial.

SR. SECRETARIO XERAL DO PLENO: Compróbase que o número de concelleiros electos asistentes á sesión é de 27 que coincide co número legal de membros da Corporación. Existe polo tanto quórum suficiente para a realizar. Así mesmo infórmase que a totalidade dos señores e señoras concelleiros e concelleiras electos presentaron na Secretaría Xeral do Concello a súa declaración de intereses para as incorporar ó Rexistro público correspondente.

SR. PRESIDENTE DA MESA DE IDADE: Constatado o cumprimento das obrigas legais, de seguido vaise proceder á formulación do xuramento ou promesa do cargo e para iso cada concelleiro electo pronunciará a fórmula ante o exemplar da Constitución segundo vaia sendo nomeado polo secretario.

SR. SECRETARIO XERAL DO PLENO: Por razóns formais xurarán ou prometerán o seu cargo en primeiro lugar os membros da Mesa de Idade. Don Abel Caballero Álvarez.

OS CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS ELECTOS PROCEDEN A XURAR OU PROMETER O SEU CARGO COMEZANDO POLOS COMPOÑENTES DA MESA DE IDADE.

SR. CABALLERO ÁLVAREZ: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

DON ANTONIO MARTIÑO GÓMEZ: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

DONA ISAURA ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

DON FRANCISCO XABIER ALONSO PÉREZ: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado e atender ás necesidades da cidadanía de Vigo e os intereses de Galicia.

DON XULIO CALVIÑO RODRÍGUEZ: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

DON ANTONIO COELLO BUFILL: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

DON CARLOS COMESAÑA ABALDE: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

DON JORGE CONDE GIL: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

DONA RAQUEL DÍAZ VÁZQUEZ: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

DON SANTIAGO DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado e atender ás necesidades da cidadanía de Vigo e ós intereses de Galicia.

DON MIGUEL FIDALGO IGLESIAS: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

DON JOSÉ MANUEL FIGUEROA VILA: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

DONA M^a ÁNGELES GARCÍA MÍGUEZ: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

DON JAVIER GONZÁLEZ SAGARRA: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

DON JAVIER GUERRA FERNÁNDEZ: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

DONA MARTA IGLESIAS BUENO: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

DONA M^a JESÚS LAGO REI: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

DONA ELVIRA LARRIBA LEIRA: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

DONA LAURA LÓPEZ ATRIO: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

DON XESÚS LÓPEZ CARREIRA: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado e atender ós necesidades da cidadanía de Vigo e os intereses de Galicia.

DON CARLOS LÓPEZ FONT: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

DONA MARÍA MÉNDEZ PIÑEIRO: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado e atender ás necesidades da cidadanía de Vigo e os intereses de Galicia.

DONA LUCÍA MOLARES PÉREZ: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

DONA CORINA PORRO MARTÍNEZ: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

DON SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

DON ANGEL RIVAS GONZÁLEZ: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

DONA IOLANDA VELOSO RÍOS: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado e atender ás necesidades da cidadanía de Vigo e os intereses de Galicia.

OS SRES. E SRAS. MARTIÑO GÓMEZ, CONDE GIL, FIDALGO IGLESIAS, GARCÍA MÍGUEZ, GONZÁLEZ SAGARRA E GUERRA FERNÁNDEZ, PRESTARON O SEU XURAMENTO EN CASTELÁN, POLO QUE SE PRODUCIRON BERROS, ASUBÍOS E APLAUSOS POR PARTE DO PÚBLICO ASISTENTE NO AUDITORIO DO CONCELLO, TENDO QUE PEDIR SILENCIO EN VARIAS OCASIÓNS O PRESIDENTE DA MESA DE IDADE.

TRADÚCENSE Ó GALEGO NA PRESENTE ACTA AS INTERVENCIÓNS FEITAS EN CASTELÁN EN CUMPRIMENTO DA LEI DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA 5/1997, DO 22 DE XULLO, E ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, BOP 17.05.89.

SR. PRESIDENTE DA MESA DE IDADE: Tendo xurado ou prometido os seus cargos os señores e señoras concelleiros e concelleiras, declaro formalmente constituída a nova Corporación municipal da Fiel, Leal e Valorosa Cidade de Vigo de acordo coas eleccións municipais do 27 de maio.

De seguido elixírase ó alcalde da cidade. O señor secretario explicará a fórmula pola que se vai facer.

SR. SECRETARIO XERAL DO PLENO: Segundo o previsto no artigo 196 da Lei orgánica de réxime electoral xeral o procedemento de elección é o seguinte: Poden ser candidatos á Alcaldía os concelleiros ou concelleiras que encabezaron as súas respectivas listas nas eleccións locais. Será designado alcalde aquel candidato que obteña a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, un mínimo de 14 votos.

No suposto de que ningún candidato ou candidata obtivese esa maioría, será proclamada alcaldesa a concelleira que encabezou a lista que obtivo maior número de votos populares nas eleccións realizadas o pasado 27 de maio.

SR. PRESIDENTE DA MESA DE IDADE: O sistema normal de adopción de acordos nos concellos é a votación ordinaria que se manifesta levantando a man. Non obstante, se se quere elixir alcalde mediante os sistemas de votación nominal ou segreda iso requirirá a solicitude deses sistemas por algún concelleiro ou concelleira. A solicitude debe ser aprobada por este Pleno en votación ordinaria por maioría simple. Solicita algún concelleiro ou concelleira a votación nominal ou segreda para a elección de alcalde?

Ó non se efectuar ningunha petición de votación nominal ou segreda o sistema de votación para a elección de alcalde será o ordinario a man alzada.

SR. VOCAL DA MESA DE IDADE: Agora procede a presentación de candidatos para a elección de alcalde. Como se dixo, poden ser candidatos aqueles concelleiros ou concelleiras que encabezaron as súas respectivas listas electorais nas eleccións locais que son os seguintes: Dona Corina Porro Martínez do Partido Popular, don Abel Caballero Álvarez do Partido Socialista de Galicia-PSOE, don Santiago Domínguez Olveira do Bloque Nacionalista Galego.

Dos concelleiros e concelleira citados que levanten a man os que desexen optar á elección.

Optan á elección de alcalde ou alcaldesa da cidade de Vigo a concelleira dona Corina Porro Martínez e o concelleiro don Abel Caballero Álvarez. Agora, de conformidade co sinalado no artigo 12.1 do Regulamento orgánico municipal, as formacións políticas que concorreron ás eleccións locais dispoñen, se así o queren, dunha quenda de intervencións para expoñer o que desexen respecto ó seu programa de goberno.

Ten a palabra o Sr. Domínguez Olveira do Bloque Nacionalista Galego.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Gracias, señor secretario, bos días a todos e a todas. Hoxe é un día onde a pregunta que está no ambiente, que está no ar, a pregunta que está nesta mesma sala e que nos fan e se fan hoxe os veciños e veciñas de Vigo é unha moi clara: será quen esta Corporación de facer a política que a nosa cidadanía necesita? Será quen esta Corporación de devolver e de transmitir a ilusión que todos os homes e mulleres de Vigo necesitamos para poder traballar máis aínda por esta cidade?

Esta é unha pregunta vital, unha pregunta que coido, señores e señoras corporativos, que non debemos esquecer nunca nos vindeiros catro anos. Fomos elixidos por unha cidadanía que sen lugar a dúbidas acertou na súa elección porque en democracia sempre hai que aceptar que a cidadanía, valga a redundancia, acerta.

Fomos elixidos non para gobernar segundo os nosos intereses, non para formar parte desta Corporación para defender os nosos intereses, senón para defender, sen lugar a dúbidas, o interese fundamental da nosa cidade.

Eu e o BNG imos formar parte, se así o decide esta Corporación, dun novo goberno nesta cidade.

Que é gobernar? Gobernar é a unión de vontades para acadar servir á cidadanía. Gobernar é poñer enriba da mesa todas as ilusións, todos os desexos, todas as ansias dos nosos veciños e veciñas para que se sintan iso, para que se sintan gobernados, non para que se sintan mandados, senón para que se sintan gobernados.

Nos últimos días da campaña electoral seguro que ós tres candidatos que hoxe estamos aquí nos preguntaban nesas entrevistas que nos fan de xeito máis persoal: por que se meteu vostede en política? Eu sempre contestaba: Metinme en política porque me parece que o máis fermoso do mundo é poder incidir en mellorar a vida dos que nos acompañan, a vida dos nosos amigos, a vida dos nosos veciños e veciñas. Por iso o BNG quere gobernar esta cidade e por iso estivemos dicindo durante toda a campaña que queremos gobernar para a nosa xente, queremos que todas as políticas que se fagan neste Concello teñan como obxectivo fundamental as persoas.

Son moi necesarias as grandes infraestruturas, temos que planificar unha cidade para que medre no futuro; temos que planificar unha cidade que respecte ó máximo o noso medio natural, o noso contorno; temos que planificar unha cidade onde os nosos sinais de identidade galegos estean por riba de todo defendendo a nosa cultura, defendendo o noso patrimonio, defendendo en definitiva a nosa lingua e o que somos cada un dos galegos e galegas. Pero todo iso non tería sentido se non puxeramos no centro de todas estas políticas os intereses das persoas.

O BNG si quere formar parte deste goberno e desta Corporación pero non porque si. Queremos formar parte de todo isto para cambiar Vigo, para ilusionar a Vigo, para que nos queiramos máis como cidade, para que nos queiran tamén os demais máis; en definitiva para que consigamos a calidade de vida.

Vou rematando dicindo que para acadar isto eu mesmo e o BNG vai tender a man catro veces. Sr. Caballero, se vostede como esperamos vai ser alcalde desta cidade, imos tenderlle a man; ímoslle pedir sempre respecto e humildade para esta cidadanía, respecto e humildade para que entre todos aprendamos tamén dos nosos veciños e veciñas. Ímoslle tender a man porque queremos un goberno estable para esta cidade, un goberno que defenda os nosos intereses; en definitiva ímoslle tender a man porque queremos crear un modelo de cidade que parta dese modelo de cidade que necesitan os vigueses e viguesas e que o Bloque Nacionalista Galego explicou durante toda a campaña por todos os barrios, por todas as parroquias.

Imos tender a man unha segunda vez. Eu quérolle tender a man dende o BNG á señora Porro. O BNG vai sempre escoitar e colaborar co que vostede representa porque temos que respectar e colaborar tamén coa vontade de moitos vigueses e

viguesas que tamén puxeron a confianza na súa formación política. Teña sempre presente o noso maior respecto e teña sempre presente que estaremos colaborando e tendendo unha man, aínda que estean na oposición, para que o ben de Vigo estea por riba de todos.

Ós dous, ó señor Caballero e á señora Porro, pídolles que sexamos quen de traballar por esta cidade sen nos colgar medallas ningún dos tres, ningunha das formacións políticas, para que a cidadanía sexa realmente quen se colgue a medalla do progreso, do avance e dunha mellor calidade de vida.

Quérolle tamén tender unha man ós nosos votantes e ás nosas votantes, a esas 28.000 persoas que confiaron no Bloque Nacionalista Galego. A eles quérolles dicir que non os imos defraudar, que aquel programa polo que nos presentamos vai ser o programa que estea sempre nos eixos da nosa acción, que non lles imos defraudar porque non queremos estar nun goberno por un sinxelo reparto de poder. Queremos estar nun goberno precisamente para poder cumprir o mandato deses 28.000 homes e mulleres que confiaron na única forza nacionalista que se presentou ás eleccións, que confiaron no BNG.

Eu hoxe fágome unha pregunta. Compañeiros e compañeiras de Corporación: seremos quen de devolver a ilusión, de cumprir as expectativas que hoxe moitos vigueses e viguesas puxeron nesta Corporación? Respondo un si rotundo se entre todos temos a suficiente xenerosidade política para o acadar. Moitas gracias.

SR. LÓPEZ FONT: Señores da Mesa, señores e señoras concelleiros, autoridades, señoras e señores, cidadáns de Vigo, bos días.

O FACEREN O SEU DISCURSO EN CASTELÁN, O SR. LÓPEZ FONT FOI INTERROMPIDO EN VARIAS OCASIÓNS TENDO QUE PEDIR SILENCIO A PRESIDENCIA.

SR. LÓPEZ FONT: En Vigo hoxe fala a democracia, hoxe a nosa cidade en base os seus dereitos democráticos constitúe un goberno lexitimado nas urnas por unha cidadanía que demanda diálogo, transparencia e rigor. Por todo iso quero salientar que o protagonismo nesta constitución de goberno corresponde especificamente ó conxunto da cidadanía viguesa.

A nós correspóndenosen especificamente xestionar con todo o respecto ó que nos obriga a nosa condición de concelleiros electos este mandato cidadán, un mandato ó que todas as forzas políticas presentes nesta sala nos debemos porque isto, lémbrolles, constitúe a base da nosa democracia e en recoñecemento a este exercicio democrático gustaríame agradecerlles ós votantes do Partido Socialista a confianza depositada na nosa candidatura e grupo, así como felicitar ó Bloque Nacionalista Galego e ó Partido Popular polos seus resultados electorais.

A partir deste intre xa non falamos de votantes, a partir deste acto constituímos un goberno para todas as viguesas, para todos os vigueses e facémolo sobre unhas sólidas bases programáticas que transmitimos con absoluta claridade e polas que estamos hoxe aquí.

Este é un goberno que emana dun desexo cidadán. A cidadanía expresou o seu desexo de que socialistas e nacionalistas, nacionalistas e socialistas garantimos a xestión municipal dos vindeiros catro anos. Esa é a verdadeira maioría que xorde das eleccións do pasado 27 de maio e esa é a maioría pola que imos traballar con todo o noso empeño, antepoñendo sempre o ben común de Vigo a calquera outra consideración.

Vigo debe ocupar o lugar que lle corresponde en Galicia e en España en coherencia co noso peso social e económico. Para iso é preciso o traballo conxunto de todos e insisto neste punto, o traballo conxunto de todos. Un goberno de todos e para todos baseado nun equilibrio real do noso territorio e refírome tanto ó municipal como ó metropolitano, e comprometido coa busca dun equilibrio social. O escenario do victimismo non serve, o escenario de vigueses de primeira e de segunda tampouco. Todos os vigueses somos de primeira e Vigo non se lamenta, Vigo demanda de xeito leal e rigoroso o que lle corresponde.

Como xa dixen Vigo conta cun contrastado peso social e económico pero é necesario o desenvolvemento dunha xestión política que favoreza que a cidade máis poboada de Galicia deixe de seren tamén a cidade con máis paro.

É urxente propiciar os marcos de entendemento necesarios para que administración, empresa e universidade se comprometan co futuro desta cidade e que o fagamos dun xeito inmediato porque nun contorno de competencia global Vigo debe ratificar día a día o seu liderado social e económico. Para iso, para construír a cidade na que conciliamos actividade laboral e calidade de vida, é

preciso contar con maior peso institucional. Mentres non dispoñamos deste recoñecemento administrativo non seremos totalmente donos do noso futuro e queremos ser total e inequivocamente.

Por todo iso coidamos que Abel Caballero é a persoa máis axeitada para conducir este proceso.

Estamos diante dun home plenamente identificado cos sinais de identidade que nos forxaron coma cidade. A capacidade de traballo, a audacia necesaria para mirar máis aló do horizonte e sobre todo a xenerosa honestidade de quen pouco ten e comparte todo.

A experiencia de Abel Caballero nos distintos planos que concorren na súa vida, falo da actividade política e universitaria pero tamén do profundo coñecemento empresarial que atesoura, representa unha clara oportunidade para Vigo de contar cunha voz que aglutine esforzos e que negocie lealmente pero sen ningún tipo de complexos coa administración provincial, coa autonómica, coa do Estado e coa europea.

Abel Caballero é o alcalde preciso para garantir unha xestión municipal cotiá baseada no principio de equilibrio territorial e social. Pero sobre todo é o mellor alcalde para abordar os grandes retos dos que depende o futuro da cidade. O Ave, a ampliación do aeroporto e do porto, a recuperación de amplos espazos litorais, o desenvolvemento de estradas e autovías pensadas para dar resposta ás necesidades presentes e futuras do tráfico que xera toda a nosa área de influencia. Un alcalde implicado na mellora da rede sanitaria: cuarto hospital, centros de saúde; asistencial: centros de día para persoas dependentes, subvencións de menús para maiores; educativa: reforzo de aprendizaxe do inglés, escolas infantís, espazos para a lectura e o estudo e cultural; grande biblioteca pública do Estado. Solicitamos a confianza do resto da Corporación para o candidato que presentamos como cabeza de lista do Partido Socialista de Galicia-PSOE porque coidamos que Abel Caballero é o alcalde preciso para que Vigo sexa, leo textualmente unha frase de seu: unha cidade para vivir, unha cidade para soñar. Ese é o desexo dos socialistas para esta cidade. Moitas gracias.

SRA. PORRO MARTÍNEZ: Señoras e señores concelleiros desta nova Corporación municipal, cidadáns que hoxe nos acompañan na conformación do Pleno do

Concello, señoras e señores, o programa de goberno e o equipo de goberno que o Partido Popular conformou para Vigo xorde do propio modelo de cidade que nos últimos anos vimos de poñer en marcha.

Un modelo que recupera espazo para a convivencia e o encontro cidadán, un modelo que harmoniza a cidade das persoas e a cidade da industria, que diversifica a súa economía para ofrecer máis oportunidades. Trátase, en definitiva, de xerar máis emprego, máis benestar e así o entenderon os cidadáns cando referendaron este labor con máis de 66.000 votos populares nos pasados comicios municipais.

Así a todo a situación da cidade que nos atopamos era moi diferente. Vigo sufría un parón como consecuencia de disputas políticas alleas ó quefacer diario dos vigueses. Entón entendemos que a primeira tarefa por desenvolver era dialogar, chegar a acordos cos axentes económicos e sociais, recuperar a complicidade cos cidadáns, sabiamos que era preciso en ocasións ceder porque ás veces ceder é o que te permite de seguido avanzar.

Hoxe Vigo é moi diferente, hoxe Vigo é un modelo de cidade a imitar, hoxe Vigo é orgullo dos vigueses, unha cidade con paz social na que avanzamos como nunca antes se fixera.

Hoxe compartimos unha cidade humanizada, vinculada ós seus veciños que ven de executar o primeiro Plan de parroquias da súa historia. Hoxe o auditorio-pazo de congresos é afortunadamente unha realidade que pronto gozaremos; hoxe Vigo dispón dun novo IFEVI que xera un importante volume de negocios para as nosas empresas e favorece o turismo e a promoción da cidade.

Desbloqueáronse proxectos que parecían condenados ó fracaso polo longo tempo transcorrido sen que se resolveran: Barreiro, Pizarro, o Pobo Galego, a subestación de FENOSA. Concedéronse licenzas para construír 3.500 vivendas protexidas, pechouse o proxecto do novo hospital, a sede viguesa da Escola superior de arte dramática, asinouuse o protocolo para a entrada do AVE en Vigo, o Casco Vello, o espazo onde atopamos as nosas orixes dispón hoxe dun Consorcio dotado con 30 millóns de euros para a súa rehabilitación integral que pronto poderemos visualizar. Tamén abordouse un grave problema que afecta seriamente ó noso desenvolvemento presente e á nosa capacidade futura: o saneamento das augas da ría, o acordo para a nova depuradora ficou pechado a base de esforzo e de diálogo.

Equipamentos deportivos espallados polos barrios e parroquias: dez campos de fútbol, tres novas piscinas, cinco garderías en marcha.

Un esforzo extraordinario por facer chegar o saneamento e o abastecemento a todos e cada un dos vigueses. Eses seis novos aparcadoiros na cidade que comezarán xa e máis a preservación do noso patrimonio natural se exemplifica en Mirambell, na recuperación das dunas do Vao. Tamén cómpre salientar deste breve balance de xestión as oportunidades creadas para as persoas con discapacidade e os servizos propios postos en marcha pensando nelas, nas persoas con máis desigualdade.

Señoras e señores, membros da Corporación, o noso programa de goberno é nada máis e nada menos que continuar desenvolvendo este modelo de cidade. Témoslles falado das humanizacións, do Plan parroquias e os seus equipamentos como elemento de cohesión e igualdade, como ferramentas para mellorar a vida das persoas, pero aínda falla un elemento principal no noso modelo de cidade: a aprobación e desenvolvemento do Plan xeral de Ordenación Municipal, Plan que está feito porque aínda que poidamos desenvolver todas as humanizacións previstas, aínda que poidamos aprobar o novo Plan parroquias sen as minguas que o resto dos grupos impuxeron no pasado, aínda que sigamos a desenvolver novos proxectos e equipamentos non será posible seguir avanzando e planificando a cidade.

Porque sen Plan non haberá vivendas protexidas, non haberá garderías, sen Plan non se poderán construír centros de saúde ou de día para as persoas maiores, non haberá posibilidades para ampliar e gañar espazo público para os cidadáns, non se poderán construír túneles urbanos que melloren o tráfico rodado, non será posible abordar as grandes infraestruturas e nós queremos desenvolver todas estas oportunidades de xeito sostible e planificado. Ese é o noso programa de goberno, a nosa proposta para Vigo e os vigueses.

Ser quen de facer realidade esta oportunidade precisa dun equipo cohesionado como o que veño de conformar para Vigo. Un equipo disposto para gobernar, para asumir responsabilidades de contado, un equipo que parte da firme convicción que para desenvolver o Plan é fundamental o diálogo permanente, o consenso de todos, a procura do acordo sempre.

Vigo disporía xa do Plan Xeral se non se houbera unilateralmente e de xeito irresponsable paralizado porque diante se atopaban uns comicios electorais. Esta actitude foi ó meu xuízo lamentable porque os intereses da cidade foron afastados en favor duns intereses partidarios concretos. Encher a boca con nomear Vigo e prexudicar á cidade ó mesmo tempo, tal vez de xeito irremediable, penso que non é de recibo.

Ben é certo que ó partido que represento lle fallou un puño de votos para acadar a maioría absoluta, pero ninguén pode negármonos a lexitimidade, a representatividade que nos outorgaron milleiros de vigueses e viguesas co seu voto. Como tampouco se pode negar que o Partido Popular obtivo catro concelleiros máis que os acadados polo seguinte partido, o Partido Socialista, que foron oito e oito dos obtidos polo BNG, esa é a diferenza.

Insisto na nosa lexitimidade como partido máis votado, insisto porque mal comezo é aquel no que uns non queren iniciar conversas e outros non queren avanzar nos temas de cidade. Nós sempre estaremos dispostos.

No noso programa de goberno a única negociación posible é dende Vigo e por Vigo, por iso solicito dos grupos municipais representados no Pleno o seu apoio para encabezar o goberno municipal. Pero logo das formalidades e sabedores da posición de cada quen, permítanme pedir coherencia a cada grupo co seu proxecto, co seu programa de goberno porque o que votan os cidadáns nas urnas non son coalicións, son partidos; non o esquezan.

Remato. Señoras e señores concelleiros, de non acadar a candidatura que represento os votos suficientes para gobernar, permítanme reiterar diante de vostedes e do conxunto dos vigueses o meu compromiso e o do grupo municipal que represento na defensa dos intereses de Vigo dende unha posición política construtiva, leal e colaboradora. Aí onde vostedes precisen do noso apoio para fornecer e avanzar a prol de Vigo e dos intereses dos seus cidadáns, atoparannos sempre.

Coidar posible algo é facelo certo, crer en Vigo é facer cidade. Nesa posición estivemos, estamos e máis estaremos sempre.

A SRA. PORRO MARTÍNEZ FOI INTERROMPIDA EN VARIAS OCASIÓNS POR BERROS, ASUBÍOS E APLAUSOS POR PARTE DO PÚBLICO ASISTENTE, TENDO QUE PEDIR SILENCIO A PRESIDENCIA.

SR. VOCAL DA MESA DE IDADE: Rematadas as intervencións, lémbrolles de novo que o sistema de elección do alcalde vai ser ordinario a man alzada.

Votos a favor da Sra. Porro Martínez. Votos a favor do Sr. Caballero Alvarez.

Realizado o escrutinio dos votos emitidos dáse o seguinte resultado: votos a favor da Sra. Porro Martínez, trece (13); e votos a favor do Sr. Abel Caballero, catorce (14), polo tanto, tras o resultado da votación, **queda proclamado Alcalde de Vigo don Abel Caballero Álvarez do grupo político Partido Socialista de Galicia-PSOE, ó ter obtido a maioría absoluta dos votos.**

Prego ó alcalde electo que, de conformidade co sinalado no artigo 118 do RDL 781/1986, do 16 de abril, proceda a prometer ou xurar o cargo para o que foi elixido.

SR. CABALLERO ÁLVAREZ: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de Alcalde con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

O SR. VOCAL DA MESA DE IDADE PROCEDE Á ENTREGA Ó SR. ALCALDE ELECTO DO BASTÓN DE MANDO DA CIDADE. A PARTIR DESTE INTRE O ALCALDE ELECTO, SR. CABALLERO ÁLVAREZ, PASA A PRESIDIR A SESIÓN.

DE SEGUIDO POLO ALCALDE, SR. CABALLERO ÁLVAREZ, E MAILA ALCALDESA SAÍNTE, SRA. PORRO MARTÍNEZ, EN PRESENCIA DO SR. INTERVENTOR XERAL DO CONCELLO, SE PROCEDE Á SINATURA DAS ACTAS DE ARQUEO DO CONCELLO E DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS UNIVERSIDADE POPULAR, INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES, VIGO-ZOO, XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO E MANCOMUNIDADE DA AREA INTERMUNICIPAL DE VIGO.

INTERVENCIÓN DO SR. ALCALDE: Concelleiras e concelleiros, ministra de Agricultura e Pesca, presidenta do Parlamento de Galicia, conselleira de Política Territorial,

conselleira de Pesca, señor reitor da Universidade, autoridades, viguesas e vigueses, na vida das persoas hai momentos de especial relevancia e de grande emoción, son fitos que van conformando a vida. Este é o máis importante con grande diferenza de toda a miña vida política.

Seren elixido alcalde de Vigo, a miña cidade, na que hai case trinta e cinco anos decidín vivir e traballar e na que vou pasar o resto da miña vida, é a máis grande honra que me poida caber. Por iso a miña gratitude é infinita; a miña gratitude ós grupos políticos do PSdeG-PSOE e do BNG por me apoiar; a Santiago Domínguez Olveira por lideraren o proceso, pero sobre todo ós cidadáns de Vigo que nos elixiron co seu voto; tamén ós que votaron a outras opcións políticas porque contribuíron a formar esta Corporación representante da vontade dos cidadáns.

O 27 de maio a cidadanía decidiu apoiar a configuración dun goberno conxunto do Partido Socialista e do BNG e sinalaron os grandes eixos nos que se debe sustentar, un goberno forte e estable que dea seguridade e faga realidade as expectativas creadas ó longo de moito tempo asegurando o liderado de Vigo en Galicia. O desexo de que se dea vía libre a un proxecto ambicioso e sen complexos capaz de poñer fin a un debate político baseado na confrontación e poder así xerar un proxecto de longo alcance que ilusione á cidade. Un mandato para gobernar consensuando cos axentes económicos, sindicais e sociais e contando coas demandas reais da cidadanía.

A nosa cidade demostrou que ten capacidade para se enfrontar ós novos retos do século XXI, pero necesita un goberno que poña en marcha as inmensas potencialidades, as infraestruturas e os servizos que permitan avanzar coa rapidez que demanda unha sociedade que progresa a ritmo vertixinoso.

Agora é necesario adiantarse ós novos retos para que Vigo ocupe o lugar que se merece porque, como dicía Luís Carro, neste lugar as cousas van tan rápidas que é necesario correr moito para permanecer no mesmo lugar. Pois nós queremos ir moito máis á présa para recuperar o tempo perdido, ese é o compromiso que imos asumir.

Somos conscientes de que non se poden reeditar erros do pasado. Os cidadáns foron xenerosos de abondo dando unha nova oportunidade ás forzas de progreso para gobernar a cidade. As viguesas e os vigueses dixéronnos co seu voto que recuperaron a ilusión por un goberno que mire pola cidade e sexa quen da levar

cara adiante. Así o BNG e o Partido Socialista de Galicia, eu dende a Alcaldía e Santiago Domínguez como primeiro tenente de alcalde, formaremos un goberno ilusionado, forte, estable e cohesionado.

Iniciamos un novo proceso político en Vigo que contará cun goberno de maioría estable, así demostramos con feitos que estamos dispostos a unir as nosas forzas para acadar os obxectivos que compartimos: a modernización de cidade, o benestar de todas as persoas e o peso político de Vigo. Na procura destes fins comprometémonos a traballar con lealdade cara os cidadáns porque a cidade será dende agora a protagonista exclusiva da acción política.

Asumo a Alcaldía coa maior das ilusións e con grande fortaleza de ánimo pero coa conciencia da responsabilidade, da magnitude e da importancia da tarefa.

Dende este primeiro día dígolles ás viguesas e ós vigueses, a todos sen excepción, que serei o alcalde de todos e isto dito hoxe, cando transcorreron trinta anos das primeiras eleccións democráticas da transición non é unha expresión retórica, é a consecuencia dunha forte convicción democrática e da experiencia. Conformaremos unha Corporación cuxo único compromiso será a cidade Vigo, os nosos aliados serán os aliados da cidade e os nosos únicos amigos serán os amigos da cidade.

Nos últimos meses adicamos moito tempo a escoitar ós cidadáns aplicando a máxima de falar pouco e atender moito. Así coñecemos a cidade da mellor forma posible porque no la aprenderon os seus moradores; as rúas, as avenidas, as corredoiras, as parroquias e os barrios, todos eles animados polos trasgos ocultos da cidade, amosáronse como unha estrutura única na que se combina a exclusividade da cidade de Vigo, un centro histórico moderno, barrios urbanos de grande dimensión e as parroquias de estrutura tradicional. Isto e os seus moradores con alma é o que fai de Vigo unha cidade con corazón, única e irrepetible.

Esta singularidade demanda inescusablemente unha concepción igualitaria de toda a cidade e de todos os cidadáns. Este goberno fará que todos os cidadáns de Vigo sexan tratados exactamente igual, vivan no centro, nos barrios ou nas parroquias.

Durante moito tempo o planeamento urbanístico foi factor de polémica e división na cidade ademais de desencadéante de serias dificultades para o seu natural desenvolvemento. Quero sinalar a nosa vontade de acabar con esa inútil división. Propoñémonos acadar que o Plan de ordenación sexa un proxecto compartido, coa garantía de máxima legalidade para non nos atopar de novo cun planeamento

anulado e que coa incorporación de ampliación de superficie edificable para vivenda protexida e que sexa aprobado definitivamente no ano que andamos 2007. Vigo necesita un plan de ordenación municipal para poder responder a unha cidade que se expande e, igual que en Macbeth o bosque de Birnam moveuse ata Dunsinane, Vigo terao.

Queremos facer fronte ó máis importante problema da cidade: o prezo da vivenda, aportando solo no que se poidan construír as vivendas para a xente.

Poñeremos primeiro ás persoas, así dixémolo Santiago Domínguez e máis eu en multitude de ocasións. Poñeremos primeiro ás mulleres e ós homes de Vigo que se situarán no centro da política; poñeremos primeiro a cada muller e a cada home coas súas ilusións e cos seus proxectos e queremos que conten connosco para os levar cara adiante porque as súas necesidades e os seus proxectos serán tamén os nosos.

Un Vigo con pleno emprego e o compromiso dunha política social envorcada nas persoas serán sinais de identidade do noso Concello. É preciso que a política se ilusione coa atención ós maiores e coa vitalidade dos mozos que debe impregnar toda a cidade. A eles dedicaremos toda a atención e todo o esforzo.

Queremos ser o goberno da igualdade, o goberno da aplicación da Lei de igualdade na política, nos centros de traballo e nas empresas. Queremos ser e seremos o goberno activo e implacable contra os malos tratos en razón de xénero. Queremos ser e seremos o goberno que faga das políticas de igualdade de xénero un emblema visible en todo o territorio.

A educación fai ós seres humanos máis iguais, as diferencias económicas e sociais quedan derrubadas coa educación pública eficaz e de calidade e a iso queremos cooperar dende o goberno municipal apoiando a aprendizaxe da universalidade do mundo no que vivimos e as linguas como modo de desenvolvemento persoal; pero tamén ás escolas infantís como factor de ensino e como porta de máis oportunidades para as nais.

Somos a primeira cidade de Galicia, somos a cuarta cidade exportadora de España, a moi primeira en pesca, destacada en automóviles, primordial no naval. Somos unha cidade moi grande na nosa capacidade de creación de economía, de renda e de riqueza; pero non o somos na dimensión política, nin durante anos na atención e cobertura de necesidades dende outras administracións.

Ambicionamos que Vigo ocupe o liderado municipal de Galicia e o seu lugar en España. Queremos que esta cidade teña na política o reflexo xusto do que xa acadou na economía. Remataron aquelas épocas nas que a cidade era desatendida e nada sucedía. Pero remataron tamén as épocas de victimismo populista e fácil que buscaban no enfrontamento político o refuxio da mala xestión.

Sabemos que enfrontamos un grande momento para a cidade. En toda Europa estase a desenvolver o tempo das urbes que cada vez máis estanse a converter en elementos claves na calidade de vida das persoas. Noutras latitudes as cidades marchan a velocidade infinita e nós fomos moi lentos.

É chegado o momento do grande despegue de Vigo, é o momento do tren de alta velocidade directo a Madrid por Ourense, por primeira vez con data concreta no ano 2012; pero tamén é o tempo da alta velocidade Vigo-A Coruña e Vigo-Porto atravesando a saída sur e unha nova estación de ferrocarril.

É o tempo da nova autovía Vigo-Pontevedra e da reforma da de Vigo-O Porriño. É o tempo do desenvolvemento do novo aeroporto que tivo que agardar dende aquela planificación que algúns fixemos dende o Ministerio de Transportes xa hai demasiado tempo. É o tempo do desenvolvemento do grande porto de Vigo. É o tempo do novo hospital que fará de Vigo unha grande referencia na sanidade española.

Pero tamén é o tempo de que a investigación, o desenvolvemento e a innovación se apousten na área de Vigo, na cidade do mar, na Universidade e nos centros industriais. É o tempo de darlle ó auditorio-pazo de congresos a velocidade de cruceiro que precisa e poñelo en marcha e aquí contamos coa cooperación decidida da Xunta de Galicia e do goberno de España, vontade demostrada con feitos concretos e compromisos solventes, compromisos que se estenden a cuestións claves no desenvolvemento de Vigo. Son elementos de grande relevancia na calidade de vida dos cidadáns e factor de competitividade na economía.

Debe ser salientado o compromiso persoalmente asumido polo presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, e polo presidente do goberno de España, José Luis Rodríguez Zapatero; ministra de Agricultura, presidenta do Parlamento de Galicia, conselleira de Política Territorial, conselleira de Pesca, José Blanco, secretario de organización do PSOE.

Manteremos co goberno de España e de Galicia unha decidida colaboración na realización de todos estes grandes proxectos que se enmarcan no ámbito das súas competencias e aplicaremos aquela máxima de que os aliados da cidade serán os nosos aliados. Na cidade do automóbil, da pesca, do naval, da industria, dun emerxente sector servizos onde emprendedores visitan todos os días países de todo o mundo, onde os nosos automóviles recorren as estradas de todo o planeta e onde os barcos descubren os caladoiros dos mares océanos o alcalde ten que falar en palabras de economía.

Quero que todos os traballadores e empresarios saiban que terán todo o goberno co alcalde á súa cabeza ó seu dispor porque temos conciencia da importancia capital da empresa, da actividade económica e do emprego e queremos un Vigo forte que mire ó mundo dende a súa capacidade e dende unha grande área metropolitana que permita mellorar a prestación dos servizos. Unha área metropolitana que responda á área social e económica que a propia realidade xa conformou, unha área metropolitana que nos permita un trato de entre iguais coa grande área de Porto e con outras grandes áreas da Península Ibérica.

Deberá construírse dende o principio da subsidiariedade e da optimización administrativa, asumindo competencias propias dunha área metropolitana pero tamén aquelas que poidan seren delegadas dende a Deputación que deberá facer certo o principio de economicidade, non implicar ningún custo para os cidadáns.

Pero o noso pulo económico e social reclama un lugar propio líder na eurorrexión Galicia-norte de Portugal, un espazo de desenvolvemento de máis de seis millóns e medio de cidadáns no que Vigo ocupa a centralidade xeográfica e constitúe o centro de gravidade económico. A Xunta de Galicia está fortemente implicada nese proxecto de dimensión histórica que voltará séculos de desencontro cos nosos mellores amigos e Vigo ten que xogar un papel predominante nesta construción, debe asumir o liderado territorial dende a súa sede como agrupación europea de cooperación territorial e exercer ese papel central que ningunha outra cidade pode facer nin en Galicia, nin en Portugal.

A nosa categoría de cidade singular está presente. As verbas “Vigo motor industrial de Galicia”, “Vigo, primeira cidade de Galicia” son espello do noso papel. Pero somos unha grande cidade que necesita do recoñecemento da súa envergadura e das súas necesidades e por iso, José Blanco, secretario de organización do Partido

Socialista Obrero Español, propoñémonos elaborar e acadar a aprobación no Parlamento de España dunha lei singular que outorgue a Vigo unha carta municipal, percorrерemos en Vigo a senda marcada por Barcelona, única cidade de España dotada dunha carta municipal.

Seremos un goberno dialógante que fará da palabra a súa norma de existencia, diálogo cos cidadáns, especialmente importante en Vigo, unha cidade cun forte e enriquecedor movemento cidadán; diálogo coas forzas sociais, diálogo cos empresarios, diálogo coas forzas da cultura e, como non, diálogo coa oposición a quen lle queremos transmitir a nosa firme vontade de buscar acordos en todas aquelas cuestións de rango de cidade.

Quero recoñecer a súa importancia e a súa representatividade e dende logo transmitirilles a seguranza de que sempre atoparán a man tendida para o diálogo e para o acordo. Se unha cidade se fai dende o acordo será unha cidade máis compartida e en Vigo necesitamos un novo espírito de comunidade, a sensación de que toda a cidade marchamos xuntos. Se non acadamos o espírito de colectividade da cidade xamais espertaremos.

Esta é unha oportunidade histórica na que iremos xuntos o Concello, o Porto e Zona Franca e connosco virán a Xunta de Galicia e o Goberno de España. Aglutinando esforzos poderemos facer o Vigo que todos amamos. Xuntos non haberá límites ó noso progreso, seremos o goberno que marque o rumbo, que implique ós cidadáns e ás organizacións na acción, que evite a burocracia, que asuma responsabilidades, que cree as oportunidades e que ilusione á cidadanía.

Seremos o goberno que resolva problemas que levan atrancados tantos anos porque Vigo necesita un goberno no que se poida confiar e nós seremos ese goberno. Na tarefa poremos todo o noso esforzo, todo o noso traballo aínda que iso implique de novo para min pedirlle a comprensión e o apoio á miña muller, a Cristina, quen xa vai para preto de 35 anos que fixo que a nosa vida transcorrera nesta marabillosa cidade, en Vigo. Moitas gracias.

A INTERVENCIÓN DO SR. ALCALDE FOI INTERROMPIDA EN VARIAS OCASIÓNS POR APLAUSOS DO PÚBLICO ASISTENTE.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e corenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión constitutiva do Pleno do día 16 de xuño de 2007. Consta de 12 folios da serie A numerados do 1593545 ao 1593556, e números do 242 ao 253 Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xullo de 2007.

Vigo, a 30 de xullo de 2007

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda